

## OS OUTROS

*A Claudio Rodríguez-Fer*

Díselles *lobicás* en Lugo, os cans que teñen sangue de lobo. O *lobicán* é un animal estraño: fiel coma un can, salvaxe coma un lobo, e máis perigoso ca este, porque non teme ó home. O Negro tiña cinco destes. Contábase esta historia: unha noite, un lobo entráralle na finca e montara unha das cadelas da casa, que era a que el máis quería. Chamábase Mora e era un can das perdices como din que debe ser: de orella grande, e moi ben aprendida. A cadela empreñou e fixo cinco cucións, cinco *lobicás* de pelo gris. Como o Negro era cazador, e moitas veces cazador de lobos, a cousa interpretouse como unha vinganza e como un escarnio. Pensouse que afogarían os cadelos no río ó naceren, pero non fixo tal: deixou que a Mora os amamantase, o cal fixo seis semanas, como fan os cans. O Negro tomouse a molestia de poñerlles canga primeiro, para que non escapasen, porque o *lobicán* é silvestre e vaise para o bravo; e púxolles logo bozo, para que non mordesen. Todos preguntábanse para que os querería, ós *lobicás*, e sobre todo cinco, porque na casa non era tanto o que tiña como para que llelo

gardasen.

Ó Negro non o querían ben. Era un home violento e quimerista, sobre todo cando bebía. Bebía maiormente os domingos, pero tamén moitos outros días que non eran domingo.

O Negro fixera a guerra. Dícían que aló se avinagrara, que antes fora un home bo. Ó volver, deixou a vila e marchou vivir só no monte, na casa abandonada dos pais. Volveuse apartadizo, ameazante. Durante o ano cazaba, e na veda bebía. Cazaba raposas á espera e con garmelo, cazaba paspallás, e caparros, e a perdiz da montaña, a que chaman charrela. Sabía poñerlles toda caste de trampas: liga, lazo, cacifro e a lousa para o coello. Xa fose con lazo ou con pezoña, aquel home, que odiaba a todos, tiña a obsesión de cazar. Gustáballe ver como o xílgaro ou o pardal quedaban pegados no visgo, batendo as alas desesperados, ou como o rato se pillaba na trampa que chaman “a cunca”. Calquera caza valíalle, e por isto tiña tamén moitos outros problemas; porque infrinxía unha lei detrás doutra. E tanto lle tiña se ía parar ó caldeiro: seguía a ferro e fouce. “Aínda non cacei” repetía, “todo o que había cazar”. Era útil ós veciños, porque mataba o golpe, que lle pagaban os labregos cando deixaba no adro os pelexos; pero non, non lle querían ben. Daba medo. Tampouco el tiña moita querencia pola xente da vila. Agás cando bebía, non falaba; e cando falaba, ameazaba. Tres ou catro veces chegaron a levalo os guardias, por

cousas que tiña dito; e unha vez diante de todos, cando lle dixera ó do Comercio, no mesmo centro da praza e en domingo de mercado que “se de min dependese, esa noite habías durmir debaixo da terra”.

Así era o Negro, un home posuído polo pecado da ira. Non podía evitalo, e por iso vivía so, fora dos límites da vila, máis preto das alimañas que da xente.

Por iso ninguén soubo nada cando o Negro, vencido unha noite finalmente polas innumerables amarguras, levouse a vida dun disparo na boca da súa propia escopeta. Esta era, seguramente, a caza que no fondo perseguira durante anos.

Ninguén o soubo. A ninguén lle importou. Ninguén lle foi pechar os ollos nin darlle terra, e o corpo quedou deitado dentro da corte, sen que lle acudiran. Agás os cinco lobicás, que lle lamberon as mans toda a noite e a mañá do día despois. Silenciosamente, botáronse fóra da corte pola porta aberta e desapareceron na neve, en direccións distintas, coma se levasen un propósito. Non ouvearon nin ladraron.

O primeiro en atopar os lobicás esa mañá foi o médico, que volvía dunha visita. Derreado, inclinado sobre a cabeza do cabalo, sentiu a presenza do can polo corazón da besta, que se axitaba entre os seus xeonllos. Acordou

un instante antes de que o cabalo o mandase por terra e escapase aterrado, todo o instrumental médico estrado polo chan. Entón o can botouse ó médico, sen darlle nin sequera o tempo de se mover.

Case á mesma hora, o crego limpaba nas patenas e nos cálices, antes da primeira misa. Nisto estaba cando sentiu petar na porta. Pensou que sería o sancristán e foi abrir, pero fóra non había ninguén. O crego mirou a un lado e outro e non viu nada. Pareceulle estraño, e deu unha volta a toda a igrexa antes de volver para dentro e continuar o seu traballo. Estaba incomodado: unha manchiña na prata do cáliz non se daba quitado por moito que esfregase co paniño. Agora estaba probando cun vello remedio: cinza de palla queimada e auga, pero nin así saía. Botáballe o alento á copa, cando sentiu el un alento fétido tras de si e, ó volverse, viu o segundo lobicán detrás del, mirándolle fixo nos ollos. Intentou escapar e, ó andar de costas, tirou a prata, que rolou polo chan. O crego quixo pechase na igrexa, pero non deu feito: as mans tremíanlle e non foi quen de botar o tarabelo. O lobicán non esperou: entrou buscalo na igrexa. Na escuridade da nave só entraba algo da luz da mañá de inverno polo ventano do alto do cruceiro. Don Marcial colleu a cruz prateada das procesións para defenderse, pero non podía ver ó can, que se movía no fusco coa levidade do gato. Tanto, que o crego, case asfixiado polo medo que lle subía polos pulmóns, pensou que marchara. Foi daquela, cando baixou un momento a cruz, cando o lobicán saltou riba del.

Dúas mulleres que fan á misa, e mais o sancristán, foron quen atoparon ó crego, devorado ás dentadas diante mesmo do altar maior. As mulleres saíron horrorizadas, mentres que o sancristán intentaba reanimar ó relixioso, aínda vivo, pero que non podía falar.

As mulleres contaron na vila o que viran: que “os outros” atacaran ó crego, porque moita xente supersticiosa desta parte do país prefire evitar a palabra “lobo” se pode. Axiña foron buscar ó médico, e foi así como deron con el, tamén agonizante no camiño. O cabalo esperaba na casa, rinchando e correndo asustado por toda a volta.

De contado armouse unha batida. De detrás das portas saíron escopetas engraxadas e das lacenas e os caixóns, cartuchos e balas. Cargaron posta do 6 e do 9 no canón dereito e bala no esquerdo, por se acaso ou para asegundar. Xuntáronse na praza: dez homes e rapaces, listos para saír á batida, aínda que estaba prohibido cazar con neve no monte. Ían xa partir cando alguén botou de menos ó do Comercio. Pensaron que, se cadra, non se decatara aínda do que pasaba e mandaron por el. Tiña o almacén de fariñas aló mesmo, no fondo da praza. En achegándose, sentiron un disparo de escopeta. Era dentro do comercio. Miráronse uns ós outros.

—¿Que foi? —berroulle un, sen atreverse a aveciñarse máis.

O cabo dun anaco de silencio, a voz do do Comercio respondeu desde dentro:

—Valeime! ¡Veciños!

Entraron a correr. Alí estaba o comerciante, cunha perna desfeita, enchoupado de fariña ensanguinada que lle caía enriba, dos sacos rachados. Tiña os ollos arregalados e na man aguantaba unha Browning americana.

—Deille... —murmuraba—. Deille...

O ventano, do outro lado do almacén, estaba aberto.

O lobo andaba solto pola vila, e ademais ferido. Cando se soubo, pecháronse todas as portas e ventás e pasáronse os tarabelos. Os batidores cargaron as escopetas e quedaron inmóbiles, sen saber o que facer.

Un rapaz levantou o brazo e sinalou para unha das entradas da praza. Alí estaba, fero, mirándolles fixo, cun fiño de sangue vermella baixándolle xunto á orella. Durante uns instantes tamén eles miraron o lobicán, quedos. Sentiuse o silencio da neve. Pero axiña lles veu o instinto de cazadores: algúns xeonllo a terra, outros en pé, levaron as culatas das escopetas á cara.

O lobicán, que sangraba polo lombo, pasou correndo diante deles, desafiante, mentres se descargaba sobre el un trebón de disparos que enxordeceu a praza. As postas, o choke e o balote groso, rebotaban no empavesado, nas portas das casas, na pedra das paredes, ou atinábanlle no corpo, abaneándoo na súa traxectoria coma unha marioneta. Pero el seguiu para adiante, arrastrándose sobre un regueiro do seu propio sangue, ata que non puido máis e quedou tendido.

A praza quedou estrada de quentes cartuchos vermellos e abafada polo cheiro de xofre e fume.

Un dos homes achegouse para comprobar que a alimaña estaba morta. Coa pelaxe de inverno, o lobicán parecía dous no canto de un. Acrequenouse ó seu carón, mentres os demais o contemplaban con curiosidade.

—¡Non é un lobo! —berrou—, ¡é un lobicán! ¡É un dos do Negro!

—Hai que ir a por el —murmurou o alcalde, que estaba entre os da partida.

Puxéronse en marcha, cheos de rabia; e máis aínda cando souberon, ó pasar diante da casa onde coidaban ó médico, que este acababa de morrer.

Ó chegaren á casa do Negro, arroteárona e mandáronlle que saíse. Despois de rexistrar dentro, déronlle unha patada ó portalón da corte. Alí o atoparon deitado sobre o estrume de palla e toxo, coa boca farta de sangue. Tiña a cara queimada, desfigurada polas postas, o pé dereito descalzo e prendida a deda na garda do gatillo da escopeta, unha Royale noviña da fábrica de Eibar, engraxada, do calibre 20.

Con todo, e encontrar abraiante esta morte, foi outra a circunstancia que estarreceu a aqueles homes: o corpo tiña o costado esquerdo desfeito.

—Coméronlle o corazón... —balbuciu un.

Os lobicás comeran o corazón resentido do Negro e agora andaban ceibos por toda a volta, ferindo e matando. Todos entenderon o que significaba isto e se miraron uns ós outros sen dicirse nada. ¿Contra quen deles non tiña o Negro un rancor? Ah estaba aquel home, morto a carón da súa escopeta; pero a súa alma vagaba ben viva e ameazante. O medo empezáballes a entrar no corpo; pero non o medo común, este era un medo distinto, un medo nacido no máis fondo da conciencia.

O alcalde, que viu axiña o que se lles pasaba pola cabeza ós demais, apurou a dicir:

—Se está morto, morto está. Librouse de que o matase eu. Os cans mataremos un por un. E quen queira vir comigo, que veña.

A caza foi implacable. A neve quedou manchada de pegadas e sangue. Por todo o día sentíronse disparos. O primeiro lobicán caeu no río, xunto ó lavadoiro, e deixou unha mancha na pedra de lavar que logo, durante anos, se mostrou ós nenos para asustalos. O segundo lobicán collérono en medio do camiño da Fonsagrada e alí o acribillaron. E, finalmente, cando xa anoitecía, o propio alcalde cazou a un cuarto. Blasfemando descargou os dous tiros da escopeta a un tempo, contra o animal, que estaba sobre un penedo, retrincado contra o sol intensamente vermello que tramontou sobre o seu corpo sen vida.

A anoitecida suspenderon a cacería para continuala ó día despois. Non se pode cazar pola noite; menos aínda lobos, e menos aínda cans asilvestrados, que son máis intelixentes que os lobos, e sobre todo coñecen ó home e a súa particular maneira de cazar. Pero o alcalde, que estaba máis furioso ca ninguén, quixo continuar só a cazar o lobicán que quedaba. Pediu cartuchos prestados e botouse a andar polo medio da neve sen que ninguén llo impedise. Xa miraran en todas partes durante a batida, pero el percorreu outra vez os mesmos sitios. Non atopou o animal. Entón ocorréselle unha idea: estaba buscando a besta coma se fose un lobo, pero

tamén era un can. Dirixiuse á casa do Negro, pensando que se cadra volvera co amo.

Aproximouse con prudencia. El tamén, coma o Negro, era bo cazador. Pero non cumpría a precaución: o lobicán non estaba alí. Quen seguía era o corpo do Negro. O alcalde sentou ó seu carón e mirouno durante un anaco. Algo murmurou, coma se lle falara, ¿quen sabe o que he dixo? Logo volveu para a casa, disposto a descansar antes de reanudar a caza con día. Ía pensando en moitas cousas cando abriu a porta: cousas do pasado que o atormentaban. Como non quería sorpresas, pechou ben a casa: porque de repente, inesperadamente, empezara a virlle o medo. Un ouveo ó lonxe lembroulle máis aínda que estaba ameazado. Deixou a escopeta cargada á porta do dormitorio e foise deitar. Levaba o cheiro na roupa, o cheiro de lobos, pólvora e sangue. Meteuse na cama e foi ó apagar a luz cando lle viu os ollos, acesos coma brasas.

O alcalde apareceu morto pola mañá, na cama ensanguentada. Como ademais de alcalde era o xefe local do Movimiento e había outros mortos e feridos, enviouse ó xuíz e unha parella da Comandancia da Fonsagrada para facer un atestado. Levantaron os cadáveres: o do Negro, o do Médico e o do alcalde; e tomaron declaración ós feridos (o crego, o comerciante), que só puideron afirmar ou negar, porque perderan a voz. Un deles, o crego, non a recuperou xa nunca.

O xuíz era un rapaz novo, un castellano. Levaba pouco tempo nestas terras duras e aquela masacre pareceulle incomprendible. Volvendo para a Fonsagrada charlaba cun dos gardias, un que era da zona.

—Y entonces, este hombre, el Negro, era tan violento como dicen?

O gardia pensou un pouco antes de responder.

—Eu cóntolle: era un home moi infeliz, e tuvo unha vida mui dura. Primeiro foi facer a guerra con Franco e cando volveu encontrouse con que lle morreran o irmao e a muller. O irmao matáronllo os falangistas, o alcalde que acabamos de ver. Á muller, que estaba de parto, o médico non a foi atender e ahí morreu, sen máis outra axuda que unha chave debaixo da almuada; e, o que é peor, o crego non deixou que lle desen terra en sagrado: a el pola política e a ela porque era solteira. E cando o Negro chegou da guerra, aí tiña o panorama: irmao e muller enterrados coma cans no monte, e a casa requisada e que é onde está agora o almacén de fariña, a casa do Comerciante.

—No sabía nada de esto... —dixo o xuíz.

—Usté non sabía, pero eu si sei. Sei eu, e saben todos. Digan o que

digan. E o lobicán que queda, cando lle dea por ouvear esta noite, dígolle unha cousa: que máis dun vai pensar que é por el. Porque nesa vila non lle hai un solo que non teña unha culpa escondida.